A VISITA PASTORAL DE JUAN MANXÓN Ó ARCEDIAGADO DE CORNADO EN 1519

Por
DOMINGO L. GONZÁLEZ LOPO e ANTONIO PRESEDO GARAZO

Para Cordelia Tamara

«Es esa tradición, profundamente enraizada en la campiña europea, lo que explica la tenaz persistencia de una religión campesina intolerante ante dogmas y ceremonias, vinculada a los ritmos de la naturaleza, fundamentalmente precristiana.»
CARLO GINZBURG: *El queso y los gusanos. El cosmos según un molinero del siglo XVI*, Barcelona, 1994 (3ª.ed.)

I. ESTUDIO HISTÓRICO. RELIXIOSIDADE E FONTE

1. PRESENTACION DA FONTE

O arquivo da Casa de Montaos

A documentación pertencente ó Marquesado de Montaos localízase, na actualidade, case na súa totalidade nos estantes do Arquivo Histórico Universitario de Santiago, formando parte dunha serie de arquivos privados adquiridos nos últimos anos pola devandita institución académica, aínda sen catalogar na súa meirande parte, e reproducidas en microfilme en casos particulares como o Arquivo da Casa de Medinaceli[1].

[1] Este conxunto documental está sendo estudiado parcialmente por Mª. L. García Acuña, en particular a documentación referida ó Estado de Ribadavia, da familia Sarmiento. Vid. «Unha primeira aproximación ós ingresos do estado de Ribadavia no século XVIII», in *Historia Nova III*, Noia, 1995, pp.125-148; e «El Estado de Ribadavia: formas de cesión y administración del dominio territorial», *Obradoiro de Historia Moderna*, nº4, 1995, pp. 95-111.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XLV, Fascículo 110, Santiago 1998.

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

A relación existente entre o estado nobiliario dos Bermúdez de Castro e a Mitra compostelá desde o anoitecer do Medievo e a nacente alborada da Modernidade, así como os contactos entre estes e determinadas institucións eclesiásticas –como por exemplo a abadía bieita de San Martiño Pinario– das que son foreiros, constatan a presencia de noticias tanto no Arquivo Catedralicio de Santiago –no que se destaca a presencia de datos relevantes nas Actas Capitulares do Cabido, como a copia de polo menos dous preitos– e no Arquivo Diocesano de Santiago. Sen embargo, o conxunto predominante de información referida a esta familia está hoxe por hoxe no amentado arquivo universitario aínda sen catalogar[2].

No que se refire ó seu contido, trátase dun arquivo nobiliario privado, polo tanto elaborado ó longo dos séculos coa finalidade de organiza-lo acontecer particular dunha casa como unidade que cobra personalidade e vida por si mesma[3]. Achega información referida a asuntos variados per-

[2] Para un seguimento exhaustivo de como organiza-la catalogación dun fondo destas características, é de significativa axuda o traballo de O. Gallego Domínguez: «Os arquivos da nobreza e o seu tratamento arquivístico», in *Conserva-la memoria. Novas adquisicións da Consellería de Cultura e Xuventude para o Arquivo do Reino de Galicia*, A Coruña, 1993, pp. 63-81. A catalogación destes conxuntos documentais ofrece grandes eivas aínda despois da realización dunha serie de traballos nos que o eixe vertebrador para a súa elaboración foi na súa esencia esta tipoloxía de fontes. Neles, a desorde dos distintos documentos, a non concordancia dos índices co total da documentación conservada, e a falla en definitiva de documentos mencionados nos índices e cartularios, están a indica-las tremendas dificultades ás que se enfronta o historiador cando acode a estes arquivos especificamente na súa particular teima por atopa-las respostas que se formula cando olla cara ó pasado. A este respecto, merecen ser destacados os estudios introductorios que sobre esta tipoloxía documental se fixeron nas memorias de licenciatura de P. Leiros de la Peña: *La Casa de Fontefiz (Contribución al estudio de la hidalguía rural gallega)*, Santiago, 1986, inédito; V.M. Míguez: *Aproximación ao estudo da fidalguía galega a traveso do Marquesado de San Martín de Hombreiro (1500-1800)*, A Coruña, 1993, inédito; e A. Presedo Garazo: *Comportamentos económicos e sociais da pequena fidalguía na Galicia interior, ss. XVI-XVIII*, Santiago, 1995, inédito.

[3] Desde este punto de vista, certos estudios realizados noutras áreas xeográficas a partir do uso de fontes privadas confirman esta funcionalidade dos arquivos privados. Vid. entre outros CAMINALS, M. et al.: «Movimiento del ingreso señorial en Cataluña (1770-1835). Los arriendos de la Casa de Medinaceli», in GARCÍA SANZ, R. e GARRABOU, R. (eds.): *Historia agraria de la España contemporánea*, Madrid, 1975; CARRASCO, A.: «Alcabalas y renta señorial en Castilla: los ingresos fiscales de la Casa del Infantado», *Cuadernos de Historia Moderna*, nº12, 1991; FARGAS, M.A.:

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

fectamente diferenciados polos seus distintos contidos, que, se ben teñen por protagonistas ós mesmos individuos, definen unidades temáticas individualizadas. Os distintos acontecementos vividos polas xeracións conformantes da casa contan con continuidade no tempo, aínda que en momentos concretos –dependendo dos casos particulares– se destaque máis a información referida a determinados procesos, e noutros, aparezan noticias referidas a acontecementos doutra índole. Así, por exemplo, os estudios existentes sobre a fidalguía galega confirman a existencia dun proceso de acceso ós medios de producción a partir de dúas «fornadas[4]» perfectamente delimitadas, feito que se deriva da concentración de compra–vendas en momentos concretos nos que o volume destas operacións destaca por riba do conxunto. O mesmo acontece coas series cobratorias, concentradas na meirande parte dos casos no século XVIII, por ser nesta centuria cando se tende a leva-lo rexistro dos ingresos con certa regularidade administrativa por parte das institucións señoriais. Polo tanto, estamos diante dunha fonte parcial conformada ó longo dos séculos cunha finalidade premeditada: xustifica-la realidade mesma da existencia dunha casa concreta.

Malia ás eivas que supoñen a súa dificultosa catalogación e a parcialidade do seu contido, esta tipoloxía documental ofrece vantaxosos beneficios a quen acode a ela, pois concentra unha información máis va-

---

«Organización familiar i política de grup a l'època moderna: els Fivaller de Barcelona», *Estudis. Revista de Historia Moderna*, nº19, 1993; TORRAS I RIBE, J.M.: *Evolució social i econòmica d'una família catalana de l'Antic Règim. Els Padró d'Igualada*, Barcelona, 1976. Para a comprensión do valor engadido que trae consigo o termo de «casa» cando se plasma na realidade concreta dun grupo que se promociona a partir dun estatus determinado, pero que a nivel referencial condiciona todo o microcosmo de relacións sociais –ás veces non tan micro– xurdidas nos espacios físicos en que se sitúan, vid. ACHON INSAUSTI, J.A.: *« A voz de Concejo» Linaje y corporación urbana en la constitución de la Provincia de Guipúzkoa*, San Sebastián, 1995, pp.15-21. Esta vinculación do concepto de «casa» co de perennidade, comunga á perfección coa idea de «herencia material» á que se refire G. Levi no seu arquicoñecido traballo do Piamonte italiano. Vid. *La herencia inmaterial. La historia de un exorcista piamontés del siglo XVIII*, Madrid, 1990.

[4] Terminoloxía aplicada por I. Dubert para referirse a este proceso. Vid. «Espacio y comportamientos sociales en la Galicia de época moderna», in *Concepcións espaciais e estratexias territoriais na Historia de Galicia*, Santiago, 1993, p.153.

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

riada e rica que outras fontes máis impersoais, como por exemplo os censos fiscais e os padróns veciñais, ofrecéndolle ó historiador as principais noticias de individuos concretos que cobran vida liña tras liña nos documentos escritos –incluso ás veces pola súa propia man–, referidos a acontecementos nos que se involucran directamente, porque, queréndoo ou non, teñen o privilexio de demostrar que están avantaxados precisamente pola significativa diferencia existente entre os poderosos e o populacho: a capacidade de posuíren estes a memoria histórica da casa que os acolle e xustifica nunha sociedade que como o é a do Antigo Réxime, lle concede unha importancia inusitada ó honor e ós elementos simbólicos baixo os que este se presenta.

Esta xustificación do patrimonio obriga á nobreza a preitear cando ve ameazado o privilexio da posesión e usufructo dos medios de producción; motivo que orixina constantemente voluminosos procesos xudiciais que recollen interesantes probas das partes enfrontadas ata o pronunciamento da sentencia –ou sentencias, se se apela en instancias superiores xurídicas con máis privilexio–. E é precisamente así como apareceu o estracto da visita pastoral feita polo vigairo Juan Manxón a dez parroquias dos actuais concellos de Tordoia e Trazo, que ofrecemos no presente estudio.

O preito de 1562–1571 entre o Estado de Montaos e a Mesa Capitular da Catedral de Santiago[5]

En 1562 chega á vila de Caión a demanda posta pola Mesa Capitular da Catedral de Santiago, representada desde 1558 polo seu apoderado Gonzalo Villar[6], contra o señor de Montaos nese momento: D. Fernando Vermúdez de Castro –representado por Gonzalo Rodríguez de Cañabal polo poder dado ó seu favor o 11 de novembro de 1558.

O motivo da demanda que fai principia-lo preito entre as dúas institucións enfrontadas –o Estado de Montaos e o Cabido catedralicio de Santiago– é tan sinxelo como elemental. Nun momento que non se especifica, *don Fer-*

[5] A.H.U.S., Casa de Montaos, caixa II, Leg.2, nº19, s/f: *Copia simple del pleito que litigo el Sr. Dn. Fernando Vermudez de Castro, Señor de Montaos, contra el Cabildo de Santiago sobre ciertas sincuras.*

[6] O poder dado a este individuo está inserido no legaxo que contén o preito, e a súa data é do 22 de Novembro de 1558.

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

nando Vermudez de Castro, clerigo agüelo del dho. don Fernando Vermudez, hera ansi qu'el dho. don Fernando de Castro, clerigo, abia renunçiado los dhos. venefiçios e sincuras en manos de su Santidad [o arcebispo de Santiago de Compostela], *y abia conçentido que su Santidad los uniese e yncorporase a la dha. Mesa Capitular para que los benefiçi/ ad/os y ministros de la dha. Santa Yglesia de Señor Santiago se pudiesen mejor sustentar*[7]. Trátase dun total de 25 freguesías das que inicialmente os Vermúdez de Castro viñan disfrutando dunha serie de beneficios eclesiásticos entre finais da Idade Media e comezos da Modernidade; polo menos iso parecen indica-las referencias que temos sobre o abade da colexiata de Santa María do Campo de A Coruña, que era á vez cóengo da Catedral de Santiago. En 1502 cede a favor do arcebispo compostelán e do cabido catedralicio *dos terçios sin cura de la parroquial yglesia de San Martiño dos Grobes, la mitad sin cura de la yglesia de San Pedro de la villa de Muros, y las quatro nonas sin cura de la parroquial yglesia de San Julian de Malpica*, como consecuencia de *çiertas concordias y asientos* habidos entre o cóengo e os señores do Cabido compostelán[8]. Un acontecemento habitual nese momento no que un individuo amosa o seu agradecemento a quen lle permitiu o ascenso social cara un estatus máis relevante a través dun sincero xesto, como o é a xenerosidade de quen doa bens ás institucións eclesiásticas, agrandando na vida terreal a pomposidade da Igrexa –reflexo na Terra da grandiosidade de Deus.

Non obstante, o propio cóengo D. Fernando Vermúdez complica as cousas cando o 9 de Febreiro de 1504 introduce na fundación do vínculo da Casa de Montaos a favor do seu fillo D. Pedro, o disfrute do beneficio de certas sinecuras xa cedidas anteriormente ó Cabido santiagués[9]. O morgado suxeita ós Vermúdez de Castro a certos bens delimitados na escritura de fundación que *no se puedan bender ..., ni trocar, ni concanbiar, ni obligar, ni enpeñar, ni ypotecar por espedcial ny en alegenaçion e ypoteca necesaria ni boluntaria, todos ni parte dellos*[10]. E é así, moi cedo, cando se poñen as bases da confrontación.

---

[7] *A.H.U.S., Casa de Montaos, caixa II, Leg. 2, nº 19, s/f.*
[8] Ibid.
[9] A.H.U.S., Casa de Montaos, caixa I, Leg.2, nº 30, ff. 62-68.
[10] Ibid., f.64.

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

Trala morte do seu pai, D. Pedro ponse á fronte da Casa de Montaos *por ser como hera cavallero y persona que podia mucho de echo y por fuerça*, e a Mesa Capitular chama a atención de seguido sobre a imposibilidade de suceder no gozo dos beneficios eclesiásticos e nos décimos, alegando que estes foran asimilados ó señorío *en tienpos de alteraçiones y de guerra*. O señor de Montaos, apoiado pola decisión paterna, decide entón entremeterse *a los llebar y quitar e perturbar ... con la dha. fuerça*, e obriga ó Cabido a que lle fagan un foro pola súa vida e certas voces para o gozo dos beneficios, sinecuras e décimos das freguesías das que é obxecto o preito, a cambio do pago anual de 8.000 marabedís[11]. O Cabido accede inicialmente, pero como *ny el dho. Pedro Vermudez ny el dho. don Fernando de Castro, su hijo, no abian conplido* co pago estipulado, a Mesa Capitular decide toma-las rendas da situación e pon unha demanda na Real Audiencia do Reino de Galicia contra a Casa de Montaos co desexo de recupera-las posesión dos ecleciásticos beneficios, e así mesmo, para que os Vermúdez de Castro paguen as débedas contraídas con ela.

O proceso iníciase, pois, na Real Audiencia e vai durar ata a sentencia de 24 de Decembro de 1566 que favorece ó Cabido: *Le debemos de condenar y condenamos al dho. don Fernando, dentro de nuebe dias primeros siguientes despues que fuere requerido con la executoria desta nuestra sentençia, dexe y entregue ...al dho. cabildo y Mesa Capitular todos los prestamos contenidos en su demanda ..., y con los frutos y rentas que an rentado desde la contestaçion deste pleyto e rentaren hasta la real restituçion y entrega*. Posteriormente, o apoderado do señor de Montaos apelará á Chancelería de Valladolid, pero tanto a sentencia do 13 de Marzo de 1571 como a sentencia de revista do 13 de Abril de 1576 ratificarán o dictaminado pola Real Audiencia de Galicia; sentencia que se consumará á perfección tal como se observa na visita de Jerónimo del Hoyo de 1607, na que as devanditas rendas aparecen xa mencionadas como de propiedade do arcebispo[12].

Unha proba decisiva será a presentada polo apoderado do Cabido, que é a que centra a nosa atención no presente traballo, pois a copia da visita

[11] Na demanda tamén se queixa o Cabido deste elemento do contrato foral, pois alega que o valor real do usufructo dos beneficios cedidos ascende anualmente a 300.000 mrs.

[12] HOYO, J. del: *Memorias del arzobispado de Santiago (1607)*, (Ed. a cargo de A. Rodríguez González e B. Varela Jácome), Santiago, s.a., pp.418-423.

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

pastoral feita por Juan Manxón ó arcediagado de Cornado en 1519 coincide xusto con esta conxuntura particular de usufructo das eclesiásticas dereituras por parte da Casa de Montaos, e nela especificase sempre –no total de nove das dez parroquias visitadas– que *el arçobispo lleba desta yglesia su pedido.*

2. A SITUACIÓN RELIXIOSA

Entre finais do século XV e a primeira metade do XVI está tendo lugar un proceso de renovación no seo da Igrexa española, ó que non queda allea a Igrexa galega. A multitude de problemas suscitados pola crise espiritual da Baixa Idade Media facía evidente á altura dos anos setenta do Catrocentos, a necesidade de proceder a unha profunda reforma da doutrina e a vida disciplinar laica e eclesiástica; a Coroa converterase en axente activo desta reforma impulsando a adopción de medidas que conduzan a tal fin, e que terán entre os seus obxectivos prioritarios a Galicia, pois a súa atormentada vida política durante aquel século tivera graves repercusións no terreo espiritual[13].

Singular importancia tivo nos inicios desta reforma española pretridentina a asemblea do clero reunida en Sevilla en 1478, promovida polos Reis Católicos, que trataría de xeito especial a situación caótica da Igrexa galega e que suporía a reactivación da actividade sinodal nas dióceses españolas[14]. En Galicia foron cando menos 38 os concilios diocesanos que se celebraron entre 1478 e 1563, se ben os momentos de maior intensidade tiveron lugar entre 1478/86 e 1504 –un total de 12– e 1523-1547 –polo menos 17[15]– separados pola etapa de atonía que supuxo

[13] Sobre esta cuestión vid. GARCÍA ORO, J.: *Cisneros y la reforma del clero español en tiempo de los Reyes Católicos*, Madrid, 1971, pp. 67 e ss. Tamén SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P.: «O papel da Igrexa na evolución da Galicia Moderna», *A Trabe de Ouro*, 1991, pp. 487-499; REY CASTELAO, O.: «La Iglesia en el contexto de la sociedad gallega de Antiguo Régimen», in *O Feito Relixioso na Historia de Galicia*, Santiago, 1993, pp. 71-96, e «Edad Moderna: Iglesia y Religión», in GARCÍA QUINTELA, M.V. (ed.): *Las religiones en la Historia de Galicia*, Santiago, 1996, pp. 141-166.

[14] GARCÍA ORO, J. et al.: *Historia da Igrexa galega*, Vigo, 1994, p. 145.

[15] REY CASTELAO, O.: «Edad Moderna ...», art. cit., p.148. En Portugal vívese un proceso semellante coa reunión de a lo menos tres concilios antes do Lateranense e cinco entre éste e o Tridentino. ALMEIDA, F. de: *Historia da Igreja em Portugal*, Porto 1967, II, pp. 511-512.

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

–á marxe de problemas políticos internos– a convocatoria por Xulio II do V Concilio de Letrán (Maio de 1512 a Marzo de 1517), preparado con grande interese polo clero español[16] e cunha pobreza de resultados que acabaría orixinando un grande desencanto[17], motor sen dúbida desa reactivación sinodal que se vive con posterioridade a 1517 e ata a chegada do Concilio de Trento en 1545, asemblea que se encargaría de sistematizar e dar un carácter universal ó que ata entón foran esforzos locais máis ou menos illados no tempo e no espacio.

Desgraciadamente para o coñecemento desta época, non é moita a documentación conservada acerca do labor reformador da Igrexa galega –e a diócese de Santiago, a pesar da súa importancia, non é unha excepción–; son varios os sínodos dos cales só nos consta a celebración[18], e a penas se conservaron textos relativos ás visitas pastorais, dobremente valiosas en canto son o intento de plasmación práctica da teoría dos cánones sinodais, e porque nos permiten medi-la gravidade das carencias denunciadas por aqueles[19]. É por iso que calquera indicio novo que aporte algunha luz sobre época tan atractiva resulta de extraordinario interese, como sucede coa visita pastoral que agora nos ocupa.

---

[16] ALBERIGO, G. (ed.): *Historia de los concilios ecuménicos*. Salamanca, 1993, p.274. Ante a inminencia da convocatoria conciliar, desde Decembro de 1511 os bispos de España reuníranse en Burgos chamados polo rei Fernando para elaborar un programa que levar a Roma.

[17] GARCÍA ORO, J.: *Cisneros y la reforma ...*, Op. cit., pp.15 e 58–59.

[18] Trátase do sínodo –ou os sínodos, pois non está claro se son un ou dous– reunido por D. Alonso de Fonseca III en 1511–12; o de D. Juan Tabera –que en realidade foi convocado polo gobernador eclesiástico, D. Juan de Mohedano– de 1532, do que puidemos reconstruí-lo espírito recentemente; o de D. Juan Álvarez de Toledo de 1551 e o de D. Gaspar de Zúñiga y Avellaneda de 1559. Vid. GARCÍA GARCÍA, A. (dir.): *Synodicon Hispanum I. Galicia*, Madrid, 1981, pp. 333-335, e GONZÁLEZ LOPO, D.L.: «El sínodo perdido del arzobispo Tabera (1532): un intento de reconstrucción», *Compostellanum*, 1996, págs. 409-420.

[19] De feito no arcebispado de Santiago só se conserva para o século XVI un informe dunha visita pastoral –a única que menciona López Ferreiro–, a realizada entre 1547 e 1548 baixo o pontificado de D. Pedro Manuel polo licenciado Alonso de Velasco, cunha riqueza de información –aínda que non se conserve completa– que a converte en extremadamente valiosa. Sábese da existencia doutras –a do licenciado Salinas de 1536 ou 1537 e a promovida polo arcebispo D. Gaspar de Avalos en 1542 –pero non consta que se conservara a súa documentación. Vid. LÓPEZ FERREIRO, A.: *Historia de la S.A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*, Santiago, 1905 (ed. facsimil de 1983), VIII, pp.100–101 e 116.

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

O preito obxecto de estudio neste traballo obrigou ós xuíces a consultaren aqueles documentos que poderían aportar información acerca das rendas en litixio; por iso caeu nas mans do escribán Antonio de Quirós un libro de visitas –hoxe perdido– no que se contiña o informe da realizada en Xuño de 1519, en pleno pontificado de D. Alonso de Fonseca III, por Juan Manxón, *clérigo vicario del arcedianazgo de Cornado*, e Juan de Cobas, *notario apostólico y clérigo de San Juan de Tordoya*. Non son moitas as parroquias sobre as que se ofrecen datos, un total de dez, que pertencen ó arciprestado de Berreo de Abaixo –incluído no mentado arcediagado de Cornado–; sen embargo ábrennos unha regaña pola que podemos albiscalo estado da diócese e as cousas que preocupaban ás autoridades eclesiásticas naquel tempo.

En seis das dez parroquias o sacerdote encargado da súa cura atópase ausente[20], precisándose nunha delas que é veciño de Santiago[21]. A visita ponnos así en contacto cun dos problemas máis serios da época, o absentismo eclesiástico, que se ben era denunciado e perseguido desde tempo atrás, continuaba sendo unha das lacras principais da vida relixiosa do momento[22]. J.E. Gelabert demostra que existe unha forte concentración do clero rural na cidade de Santiago no século XVI[23], e J. García Oro desvela a mesma situación no bispado de Mondoñedo contra 1510[24], situación que non era exclusiva deste ámbito xeográfico, senón que tiña ampla

[20] En Chaián, Xavestre, Monzo, Xesteda e Cabaleiros. En Santa María de Castenda dise *Estando presente Juan de Cobas, clerigo y capellan de la dha. yglesia y notario apostolico*, que noutro lugar se titula *clerigo de San Juan de Tordoya*, o que nos fai pensar que este individuo –como era frecuente daquela– concentraba na súa persoa varios beneficios que administraba por interpósita persoa, o que parece confirmarse cando pouco máis abaixo declaran os veciños que *tienen por cura de la mytad de toda esta yglesia y mas un dezmero a Sancho de Ubiedo, clerigo*, que non consta que estea presente no momento da visita. En calquera caso parece evidente que tampouco era moi firme a residencia do rector nesta freguesía.

[21] Trátase de Juan de Molid, párroco de Xesteda.

[22] BARREIRO MALLÓN, B.: «Sínodos, pastorales y expedientes de órdenes: tres indicadores de la religiosidad en el noroeste de la Península», in ÁLVAREZ SANTALO, C. et al.: *La religiosidad popular. II. Vida y muerte: la imaginación religiosa*, Barcelona, 1989, pp. 76-77.

[23] GELABERT GONZÁLEZ, J.E.: *Santiago y la Tierra de Santiago de 1500 a 1640*, A Coruña, 1982, pp. 294-296.

[24] Cit. por SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P.: «O papel da Igrexa ...», art. cit., p. 495.

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

correspondencia no conxunto do reino de Castela[25]. Resulta curioso que en ningún dos casos amentados pola nosa documentación tal situación mereza unha condena expresa dos visitadores, que se limitan a dar conta do feito omitindo incluso calquera referencia ó mesmo no capítulo dos mandatos. Tal vez a actitude dos propios bispos, dos cales a residencia efectiva nas súas dióceses era frecuentemente ocasional[26], actuara como un exemplo nocivo que animara á relaxación e a tolerancia[27], así como á falla dunha lexislación recente acerca dese problema, pois se remontaban a case cen anos antes as últimas disposicións sinodais que obrigaban ós cregos a residiren nos seus beneficios[28].

Esta proclividade á ausencia dos seus curatos para residir nas cidades, está motivada por toda unha serie de factores deben ser ser valorados no seu conxunto; sen embargo non cabe dúbida de que un deles está relacionado co desexo de atopar un mellor destino que levase aparellado un aumento nos ingresos económicos[29]. Xa os Reis Católicos dedicaran unha parte dos seus esforzos reformistas en materia relixiosa a libera-las rendas

---

[25] BARREIRO MALLÓN, B.: «Sínodos ...», art. cit., p. 76.

[26] Son moitos os bispos desta época que están pouco tempo á fronte das súas dióceses ou que nin sequera chegan a poñe-los pés nela, ben porque se ven rapidamente preconizados a sedes de maior envergadura, ben porque a súa intensa actividade política lles ocúpa todo o seu tempo. Vid. REY CASTELAO, O.: «Edad Moderna ...», art. cit., pp. 144-146, e «La Iglesia en el contexto ...», art. cit., pp. 79-80.

[27] No concilio provincial que se reúne en Salamanca para tratar da posta en práctica das resolucións de Trento, os sacerdotes votan en cara ós bispos a súa falla de residencia para xustifica-las propias culpas. Os mesmos prelados fixeron moita oposición na dita asemblea ós canones que recordaban e impoñían a dita obriga. GELABERT GONZÁLEZ, J.E.: *Santiago y la Tierra ...*, Op. cit., p. 173. Podemos dicir ó respecto que tampouco os visitadores predicaban co exemplo, pois como xa dixemos Juan de Cobas parece incorrer nesta falla; posiblemente iso explique o seu silencio ante transgresión tan importante.

[28] Referímonos ó arcebispado de Santiago, onde a última medida ó respecto aprobárase no sínodo de 23 de Xuño de 1416, reunido por D. Lope de Mendoza, e que logo se lembraría brevemente no de 22 de Xullo de 1431, presidido polo mesmo prelado. Non obstante ambolos dous cánones contemplaban unha excepción *salvo si for canonigo de Santiago o de iglesia colegial*. Vid. GARCÍA GARCÍA, a. (DIR.): *Synodicon ...*, Op. cit., pp. 320-321. Esta situación dábase na freguesía de San Mamede de Berreo, onde consta se-lo crego D. Juan Megarexo, chantre de Santiago, aínda que ten como sustituto a Afonso Dordiales, que está presente no momento da inspección.

[29] GELABERT GONZÁLEZ, J.E.: Op. cit., pp. 294-296, ofrece varios exemplos da feble economía destes curas rurais e das posibilidades que, para aumenta-los seus ingresos, lles ofrecía a cidade.

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

eclesiásticas do control dos laicos, para o cal obtiveran en 1487 unha bula papal –*Inter curas multiplices*–, intento que fracasou e do que tiveron que dar marcha atrás en 1493[30]. Iso é o que nos explica que boa parte dos ingresos que xeraban as parroquias visitadas en 1519 escaparan do control dos seus beneficiados; segundo refiren os fregueses, Pedro Vermúdez de Castro, señor de Montaos, percibía unha parte importante dos décimos en oito das dez parroquias[31], á parte doutros beneficios que, como patrono, tiña en Chaián e Gorgullos. Non eran, sen embargo, só os laicos os que participaban das utilidades producidas polas parroquias, o arcebispo, o arcediago e o mosteiro de San Martiño Pinario, este último na súa calidade de patrono –directo ou indirecto–, de cinco das parroquias, levaban tamén o seu quiñón[32]; un problema igualmente grave que non se reformará e nen sequera se chegou a expoñer[33]. Por contra, sete das igrexas

[30] REY CASTELAO, O.: «Edad Moderna ...», art. cit., p.142. Precisamente un maior control sobre a provisión de beneficios e das rendas eclesiásticas era unha das aspiracións que os bispos españois levaron ó concilio lateranense. Vid. ALBERIGO, G. (ed.): Op. cit., p.274.

[31] En concreto as dúas terceiras partes dos décimos de Cabaleiros, a metade en Xavestre, Castenda, Xesteda e Bardaos –nestas dúas últimas menos un dezmeiro que leva de vantaxe o sacerdote encargado da cura de ánimas–, en Gorgullos a metade menos un oitavo, en Chaián a cuarta parte, en Castelo a oitava. En San Mamede de Berreo o señor de Montaos non tiña participación nas temporalidades eclesiásticas, pero si o Conde de Altamira, ó que correspondían a metade dos décimos. Non podemos cuantificar canto supoñían estes ingresos porque a fonte non indica o que reportaba cada sinecura en gran ou cartos.

[32] En Chaián, por exemplo, o arcediago de Cornado leva tódolos décimos e primicias dun casal *del yglesario*, ademais de *las ropas de los fidalgos de mortuorios quando los dhos. fidalgos se fallesçen*. En Gorgullos o mosteiro de San Martiño de Santiago leva dez rapadas de centeo en calidade de padroado, que ten aforado ó Señor de Montaos; o arcebispo douscentos marabedís vellos e o devandito arcediago corenta e tres maravedís vellos, a metade dos décimos das herdades da igrexa e *mas un jantar y bisitaçion quando visita*.

[33] REY CASTELAO, O.: «Edad Moderna ...», art. cit., p.142. De feito, e aínda cando máis tarde –como nos informa o cardeal Jerónimo del Hoyo a principios do século XVII– aquela poderosa familia acabou perdendo os seus ingresos nas ditas freguesías, as rendas non reverteron ós párrocos, senon ó cabido de Santiago (*... es de las veinte sincuras* –comenta Hoyo ó referirse a Castenda– *que sacó a la casa de Montaos*). Eran uns ingresos demasiado apetecibles como para pensar na súa renuncia, por iso non pode estraña-lo comentario que fai o cardeal ó referirse a Santa María de Chaián: *Teniala por fuero la casa de Montaos y eran acavadas las voces y porquel retor Pedro de la Mela las saco a lus le dieron de cuchilladas queriendole matar*. Vid. HOYO, J. del: *Op. cit.*, pp. 418-423.

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

carecían de renda ningunha para a súa fábrica e dado que os ingresos do párroco quedaban sensiblemente minguadas, creábase un importante obstáculo para calquera reforma, ó careceren os curas dos medios necesarios para unha vida digna –e polo tanto dun estímulo para permaneceren nas súas freguesías–, e as igrexas dos ingresos precisos para poder desenvolve–lo culto divino de xeito adecuado, suplindo as carencias materiais que os propios visitadores non deixarán de denunciar[34], xa que a satisfacción farase recaer, como as demais cargas, sobre as costas dos sufridos parroquianos, o cal xustifica ese incumprimento de mandatos que reiteradamente denuncian os visitadores[35].

Temos, pois, un clero con frecuencia ausente, economicamente depauperado –aínda que existan situacións rexionais moi diversas entre si[36]– e ademais, podemos engadir, ignorante. Son moitas as referencias na documentación da época que nos falan da escasa formación intelectual dos eclesiásticos; xa os sínodos de Tui de 1482 e 1528 puñan de manifesto este problema[37], do que continuaba laiándose en 1543 o arcebispo compostelán D. Gaspar de Avalos atento ás súas funestas consecuencias[38]. Neste senso, resulta significativo que só un dos rectores presentes asine a acta de visita cos dous eclesiásticos que a efectúan, e que unha das escasas referencias que se fai na visita á conducta dos cregos, sexa para recordárlle-la obriga que teñen de facerse co óleo e a crisma e de administralos naqueles sacramentos para os que eran necesarios[39], o que nos trae á

[34] Tamén o profesor J.E. Gelabert González pon de manifesto a pobreza das fábricas. Vid. Op. cit., p. 174.

[35] A situación que nos debuxa a visita de 1547-48 con respecto ás rendas das fábricas é moi semellante á que existía trinta anos atrás, e era frecuente que os representantes dos veciños informen de que os ingresos da igrexa se limitan ás esmolas dos fregueses. En 1607 a situación mellorara, e aínda que existen diferencias –ás veces importantes– entre elas, todas teñen propiedades, ora inmobles, ora gando ou rendas en gran.

[36] GELABERT GONZÁLEZ, J.E.: Op. cit., pp. 174-175, comenta a boa situación económica dos cregos do arcipretado de A Mahía a finais do Cincocentos.

[37] GARCÍA GARCÍA, A. (dir.): *Synodicon* ..., Op. cit., pp.357 e 411-412.

[38] ... *los feligreses reciben notable daño por la ynorancia en que estan de lo que conviene a su salvacion a causa de la que tienen para enseñarselo sus curas y retores.* LÓPEZ FERREIRO, A.: Op. cit., VIII, pp. 100-101.

[39] Son un total de cinco as parroquias nas que se fai tal advertencia.

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

memoria eses textos sinodais nos que se lles advirte da necesidade de celebra-la liturxia con escrupulosidade, lendo os textos sagrados con coidado e atención, procurando non omitir nada[40].

Tendo en conta esta situación do clero non pode sorprender que o comportamento relixioso a nivel parroquial, tanto de fieis como de pastores, deixase moito que desexar. Non é rica en informacións ó respecto a documentación que estamos analizando, pero aquí e alá dáse conta duns feitos ou fanse certas advertencias, que aínda que carentes de comentarios, resultan moi significativas. Na parroquia de San Martiño de Monzo só se presenta a recibi-lo visitador o procurador da mesma, a pesar de que foran advertidos, *premisa munyçions*, daquela chegada. A explicación deste comportamento debe residir no temor de recibir unha seria reprimenda, pois os fregueses estaban excomungados *por quanto no complieron la visitaçon pasada*. Iso significa que co consentimento do párroco, ou debido ó seu desinterese, viviron durante varios anos –pois as visitas nesta época non acostuman estar moi próximas no tempo– excluídos da comunidade da Igrexa. Con todo non estamos ante un caso extraordinario, pois tamén, e polas mesmas causas, se atopan baixo tales censuras os veciños de Chaián, que –máis despreocupados ou menos timoratos– acoden á cita. Non é de estrañar que as autoridades eclesiásticas reaccionen con dureza ante tamaño descoido: ... *mando el dho. visitador al cura o su lugarteniente so pena d'escomunyon y de dos mill mrs. para la camara del arçobispo, que no admita [a los ofiçios divinos] a los dhos. feligreses fasta que cumplan lo que les fue mandado y paguen las penas en que cayeron* ..., obtendo con iso a carta de absolución.

Pode parecer estraño que nun espacio xeográfico tan reducido nos atopemos dúas veces coa aplicación dun castigo tan desmesurado, pero daquela, e durante moito tempo aínda, incorrer en excomuñón será relativamente doado ó ser unha censura aplicada con excesiva lixeireza por parte das autoridades eclesiásticas. A ameaza de ser apartado da grei cristiá aparece por tódalas partes na documentación da época, e na visita que manexamos é mencionada en tódalas parroquias en máis dunha ocasión: comínase baixo esta ameaza ós veciños a que contesten con sinceridade

[40] Así se dispón no sínodo de Tui de Novembro de 1482. GARCÍA GARCÍA, A. (dir.): Op. cit., p.357.

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

ás preguntas que lles fan, que fagan reparacións na igrexa, que merquen ornamentos novos, que manden fabricar roupeiros onde recollelos ou que se comporten axeitadamente; parece que o visitador é incapaz de articular palabra se esta non vai amparada co medo á excomuñón. Por iso, xa a estas alturas, o castigo está comezando a quedar baleiro de contido e iso explica que tanto fregueses coma párrocos se comporten facendo caso omiso das súas consecuencias, e que o visitador teña que lembra-la necesidade de obte-la absolución episcopal para poder desenvolve-la actividade relixiosa normal na parroquia; e tamén que as censuras empecen a estar acompañadas con serios castigos pecuniarios, que por tanxibles e afectar á facenda, terían sen dúbida unha maior capacidade cominatoria.

Esta situación tan pouco edificante que acabamos de describir vese agravada pola existencia dunha vida espiritual pouco intensa, que é ó tempo causa e efecto de moitos dos males que se están padecendo. Así, tal e como confesan os veciños ós enviados polo arcebispo, o preceuto dominical cúmprese cada quince días, non existen asociacións relixiosas e exercicios de piedade comunitarios, como o rosario, tardarán aínda décadas en ser acollidas no mundo rural. Non é, con todo, unha situación que se acepte en tódolos casos de xeito resignado, e en ocasións reivindican os fieis unha maior frecuencia na celebración dos divinos oficios; a misa atraía os campesiños, que outorgaban ás súas cerimonias un valor case máxico, e como acertadamente escribe P. Saavedra «si los feligreses quedaban sin misa en su iglesia los días de precepto la causa radicaba en que las autoridades eclesiásticas los despreciaban y los trataban *como si fuesen animales*»[41]. É por iso que os veciños de Santa Comba de Xesteda expoñen ó visitador que teñen *costumbre de aver mysa cada domingo, y que desto tienen costumbre muy antigua de aver cada domingo y su sentençia de provisor, y agora que el arçediano no quiere dezir misa signo de quinze dias, pidieron justiçia e remedio al dho. bicario.* Tampouco os habitantes de San Cristobo de Xavestre aceptan de bo grado a súa actual situación e *porque pasan de treynta feligreses pedieron al dho. bicario los mandase dezir cada domingo misa.*

[41] SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P.: *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*, Barcelona, 1994, p.347.

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

Non hai, sen embargo, unha toma de iniciativa por parte das autoridades eclesiásticas ante esta situación que dan por boa, tal e como demostra o seu silencio, aínda ante a aparente ilegalidade que se está cometendo en Xesteda; e anque ós veciños de Xavestre se lles concede o solicitado, faise cun conciso e breve mandato ó crego, iso si, baixo pena de excomuñón e doce ducados de multa, pero sen ningún comentario que faga referencia ó xusto ou ó necesario de tal cambio de costumes na parroquia. Iso explica que tal situación, lonxe de mellorar, tenda a perpetuarse no tempo; o hábito que teñen os rectores de residiren fóra dos seus beneficios, así como a parte cativa que lles toca nas súas rendas, non debía ser precisamente un estímulo para que aumentaran as súas obrigas cos fregueses máis alá dun mínimo tolerado polos seus superiores. Por iso non é de estrañar que aínda en 1547-48 no 82,47% das 194 parroquias para as que nos ofrece información Alonso de Velasco, continuara celebrándose o santo sacrificio cunha periodicidade quincenal, mentres que só no 12,89% se podía asistir a el cada semana[42].

Non parece que sexa moito mellor a situación do culto eucarístico, pois só en dúas parroquias parece estar presente o Santísimo Sacramento de xeito constante nos seus templos[43]. Esta ausencia do «corpus Domini» das igrexas será tamén algo corrente ó longo de boa parte do século XVI; aínda nos anos corenta un 92% das igrexas visitadas por orde do arcebispo D. Pedro Manuel carecen de Santísimo de xeito permanente, e incluso naquelas nas que existía non era frecuente que houbera medios para garanti-

[42] GONZÁLEZ LOPO, D.L.: «El sínodo perdido ...», art. cit. A frecuencia na celebración da misa dominical segundo revela a visita, é a seguinte:

Semanalmente	25	(12,89%)
Cada quince días	160	(82,47%)
Cada tres semanas	2	(1,03%)
Unha vez ó mes	5	(2,58%)
Catro veces ó ano	1	(0,52%)
Unha vez ó ano	1	(0,52%)
TOTAL	194	(100%)

[43] Facemos esta afirmación baseándonos no comentario que fai o visitador en Bardaos e Castelo, únicas nas que se afirma que un dos seus altares é sagrado.

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

-lo seu culto: non hai lámpada, nin óleo, nin rendas, nin confrarías, nin boa disposición nos veciños para supli-las carencias e aporta-lo necesario[44].

Todo iso contribúe a explicar esa falla de coidado que parece existir polo estado material dos templos, que a teor dos comentarios de Juan Manxón e de Juan de Cobas, deixaba moito que desexar. En cinco casos debe ordena-lo visitador que se arranxe a armazón da súa cuberta, se limpe de hedras ou herba e se retelle; en tres, que se tapen ocos e fiestras para que os paxaros non entren a ensucialas; noutras tantas que saquen da igrexa as arcas ou madeiras que se almacenaban no seu interior dándolles aspecto de trasteiros; en dous que se encalen e pinten; tamén en dous que achanden o solo e nunha que fagan o coro. Non é estraño que un recinto que se emprega de tarde en tarde e onde falla un elemento imprescindible para reforza-lo seu carácter de espacio sagrado, se vexa reducido a un estado de semiabandono ou que incluso se empregue para fins profanos, como denuncian algúns mandamentos sinodais[45], o que explica o interese do visitador porque nalgunhas se reparen as súas portas e lles poñan pechaduras, co fin de controlar de xeito eficaz o acceso ó seu interior. Esta imaxe de desleixo que amosan as igrexas de comezos do Cincocentos é así mesmo evidente nos obxectos necesarios para a celebración do culto, non tanto no que se refire á existencia de libros litúrxicos, pois está aínda próximo no tempo o encargo dos misais impresos realizado por D. Alonso de Fonseca III[46] –aínda que algúns acusen xa o paso do tempo e o maltrato[47]–; pero si no capítulo dos ornamentos relixiosos, moitos dos cales necesitan ser repostos ou son insuficientes. Nun total de cinco freguesías fallan aras –elemento indispensable para que se poida celebra-la misa– nalgún dos

[44] En ningunha das parroquias se menciona a lámpada do Santísimo Sacramento nin nada que teña relación con ela.

[45] Así se fai nos de Tui de 1528, Mondoñedo de 1534 e Ourense de 1543 e 1544. Vid. GARCÍA GARCÍA, A. (dir.): Op. cit., pp.55, 186 e 498.

[46] D. Alonso de Fonseca III contratou en 1495 a impresión de un *Missale Compostellanum* con Juan de Porras, veciño de Salamanca; este entregou o seu encargo –700 misais en papel e 50 en pergamiño– o 13 de xaneiro de 1496. Vid. LÓPEZ, A.: *La imprenta en Galicia. Siglos XV-XVIII*, Madrid, 1953, p. 13.

[47] En Xavestre mándase arranxa-lo misal e en Bardaos –onde a igrexa debía estar nun completo abandono– que o volvan encadernar.

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

seus altares; en varias faise necesario mercar amictos, corporais ou sobrepelices, chegando en Bardaos á situación extrema de carecer dun xogo completo de vestiduras para dici-la misa. Pero é nos pequenos detalles onde a neglixencia se fai máis evidente: a falla dunha cruz para as procesións, dunha campaíña ou unha lanterna para acompaña-lo Santísimo cando se lle leva o viático a algún enfermo, no número insuficiente de cálices, na ausencia de sinos para chama-los fieis ou ben na necesidade, manifestada en varias parroquias, de facer armarios para gardar convenientemente os obxectos sagrados que nelas hai, e de pinta-las imaxes e cruces dos seus altares[48].

Completa este cadro de pobreza material e espiritual o estendido de certos costumes pouco ortodoxos, froito da ignorancia e do medo ante o mundo hostil que rodeaba os homes da época. Os concilios diocesanos denuncian toda unha serie de prácticas supersticiosas, das que ofrece un bo elenco o sínodo do bispo mindoniense D. Antonio de Guevara de 1541[49]; tamén resultan moi interesantes algúns cánones dos celebrados en Ourense en 1543 e 1544, nos que se denuncia o roubo de óleo e crisma das igrexas ou anacos das aras *para hazer maleficios, en gran offenssa de Dios y de muy gran daño de sus conciencias*[50]. Iso explicaría a teimuda insistencia dos visitadores de 1519 na adecuada custodia deses dous productos e en que se tapen as pías bautismais, o lugar onde con frecuencia estaban depositados; así como o coidado en evitar que se poida entrar facilmente na igrexa fóra dos momentos en que ten lugar algunha celebración relixiosa. Precisamente este medo á presencia de bruxas e meigos, así como á do demo, pois «no sólo los santos estaban realmente presentes en iglesias y ermitas; también el demonio –al que las gentes invocaban con toda normalidad a finales del XVI– se aprecia a menudo a los campesinos en figuras *espantosas y horribles...*[51]», é o que explica a insistencia dos

[48] En Chaián, Xavestre, Xesteda, Bardaos e Castelo ordena pinta-las imaxes dos seus altares, e en Xesteda e Bardaos que fagan campanarios.

[49] O sínodo de 3 de Maio de 1541 do franciscano Antonio de Guevara é un dos máis interesantes de cantos se conservan en Galicia anteriores a Trento. Vid. GARCÍA GARCÍA, A.: Op. cit., pp.71-80.

[50] Ibid., pp. 196-197.

[51] SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P.: *La vida cotidiana* ..., Op. cit., p. 331.

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

visitadores –tan timoratos en cuestións demoníacas como as súas ovellas– en que se coloquen cruces ben visibles sobre os muros das igrexas, para afastadas delas e dos seus cemiterios[52].

Así como a actitude dos visitadores con respecto ó absentismo dos cregos, o cumprimento dominical e o culto eucarístico non parece especialmente activo, tampouco semellan particularmente preocupados pola educación dos fieis, o que resulta estraño dada a súa evidente carencia de formación relixiosa. Non hai aínda referencia nos seus mandatos á nece-sidade de desenvolver unha actividade catequética continuada, intensiva e perfectamente delimitada nos seus contidos básicos –como ocorrerá máis adiante– aínda que si se aprecia unha certa preocupación didáctica cara ós fieis no desexo de familiarizalos cunha serie de acontecementos, ou de situacións, de grande transcendencia para os cristiáns. En relación con iso débese entende-lo interese por que se pinten determinadas escenas nas paredes das igrexas, un interese que se mantén durante todo o século XVI, pois como dicía a finais da dita centuria o arcebispo D. Juan de Sanclemente, *ellas eran los libros de los rústicos y ignorantes*[53]. O programa pictórico máis completo ordénase en Santa María de Chaián, onde se manda representa-la Paixón e a Anunciación –momentos importantes na redención dos homes– que constitúen dous dos temas máis frecuentes nas artes plásticas galegas do Cincocentos[54]; e as imaxes do Ceo e do Inferno, que irían nos muros da nave da igrexa, e polo tanto estarían máis accesibles á contemplación dos fieis, que deste xeito terían presente ó acudiren ó templo a fin que agardaba a cada un despois da vida. Tamén en Santa María de Castelo se ordena que se pinte no coro a Paixón de Cristo. En ambalas duas localidades este mandato coincide con referencias a obras de reforma nas suas igrexas, polo que é moi posible que nas demais houbera xa algunhas pinturas, que, como afirma López Ferreiro[55] e amosan os frecuentes achados recentes[56],

[52] En Bardaos manda poñer unha cruz coroando o campanario que deben facer para aterroriza-lo demo. En Gorgullos ordena colocar no alto das paredes da igrexa *unas dos o tres cruzes grandes de piedra* para arreda-lo demo. En Xesteda e Castelo hai disposicións semellantes.

[53] LÓPEZ FERREIRO, A.: Op. cit., VIII, pp. 395-396.

[54] GARCÍA IGLESIAS, J.M.: *La pintura manierista en Galicia*, A Coruña, 1986, p. 23.

[55] LÓPEZ FERREIRO, A.: Op. cit., VIII, p. 395.

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

deberon ser numerosas naquel tempo, aínda que logo desapareceran polas importantes transformacións que experimentaron as igrexas durante os séculos XVII e XVIII coa aparición dos aparatosos retábulos barrocos, e polos reiterados encalados das súas paredes, que tiñan como fin oculta-lo efecto do fume que xeraban as moitas velas e fachas que se prendían no seu interior.

CONCLUSIÓN

Despréndese, logo, da visita pastoral de 1519 unha impresión de mediocridade e abulia espiritual, que en moitos aspectos se dá por boa, ou cando menos bótase en falla unha acción enérxica para tratar de emendala, salvo naqueles aspectos máis disonantes pero que non deixan de ser superficiais e que por si mesmos non serían capitais para conseguir unha auténtica transformación dos comportamentos. Probablemente a propia actitude dos prelados santiagueses contribuía á permanencia de tal situación, e non só polo seu frecuente afastamento da diócese, senón pola morosidade en adoptar un proxecto serio de reformas, como o que acomete o cardeal Cisneros xa a fins do século XV desde a súa cátedra toledana[57]. É certo que en 1511-12 D. Alonso de Fonseca III reuniu un sínodo –pouco antes, polo tanto, da visita pastoral que estamos comentando–, pero non parece que se acometera nel un amplo plano de renovación espiritual, pois debeu cinguirse a cuestións de disciplina relacionadas co cabido, segundo parece deducirse da reacción airada dos capitulares, que obstaculizaron durante décadas a aplicación dos acordos sinodais[58]; así como do silencio que gardan Juan Manxón e Juan de Cobas sobre as súas constitucións no capítulo dos mandatos.

---

[56] GARCÍA IGLESIAS, J.M.: «La pinturas de Arante y el maestro de Mondoñedo (Siglo XVI)», *Estudios mindonienses*, 1988, pp. 493-499; e tamén «Pinturas inéditas en la Galicia del siglo XVI», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 1989, pp. 235-250.

[57] GARCÍA ORO, J.: *La Iglesia de Toledo en tiempo del cardenal Cisneros (1495-1517)*, Toledo, 1992, pp. 119-194.

[58] GARCÍA GARCÍA, A. (dir.): Op. cit., p. 334: «Estas constituciones sinodales no fueron del gusto de los canónigos, que las consideraron vejatorias, por lo que recurrieron a la Santa Sede, y este asunto coleaba todavía en 1515, 1516 y 1521, según la documentación de Santiago.»

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

Haberá que esperar á asemblea de 1532 para atoparmonos cun primeiro intento de ambiciosa transformación da vida relixiosa da diócese a nivel de clero e fieis, que as sucesivas visitas pastorais –1536/37, 1542, 1547-48– intentarán levar á práctica, como demostra a reacción decidida do licenciado Alonso de Velasco na última das inspeccións amentadas en contra dos casos máis extremos de incongruencia pastoral e de desidia dos fieis, procurando acurta-los prazos na celebración da misa dominical, impoñendo a presencia permanente do Santísimo e desenvolvendo o seu culto, e instando a aqueles párrocos que teñen ingresos respectables debido ó tamaño do seu beneficio, a que se molesten máis no cumprimento dos seus deberes[59]. Nun primeiro momento, e a teor dos comentarios que chegaron ata nós de bispos e visitadores, o saldo será aínda moi reducido, pero a constancia no labor ó longo da segunda metade do XVI –sínodos de 1551, 1559, 1576 e 1594[60]– apoiada xa pola autoridade do concilio, o dinamismo das ordes mendicantes e o desenvolvemento das confrarías –que aumentan numericamente desde a segunda metade do XVI[61]–, que estimularán a participación dos fieis de xeito máis activo nas actividades

[59] Xa a visita realizada por D. Gaspar de Avalos logo de tomar posesión da sede, demostráralle o estado lamentable da diocese e a necesidade de introducir cambios drásticos. A Visita de Alonso de Velasco pode consultarse no Arquivo Catedralicio de Santiago, Visitas Pastorais I e II.

[60] Foi especialmente importante a repercusión do sínodo de 1576 reunido por D. Francisco Blanco, que participara nas sesións do Concilio de Trento. As súas constitucións foron publicadas e durante moito tempo serviron de norma ós prelados para rexe-la vida da diócese, de feito D. Juan de Sanclemente no seu sínodo de 22 de Maio de 1594 – como informa López Ferreiro– limitouse a confirmalas. Vid. *Constituciones synodales del Arçobispado de Santiago hechas por el Illustrisimo Arçobispo y Reverendisimo Sr. D. Francisco Blanco, en la Sta. Sinodo que (...) celebro a cinco dias del Mes de Iunio Año de 1576. Mandadas imprimir de nuevo por su Señoria D. Iuan de Sant Clemente, Arçobispo de este Arçobispado en 16 de Mayo de 1601*, Luis de Paz, Santiago, 1601.

Tamén LÓPEZ FERREIRO, A.: Op. cit., VIII, p.332.

[61] GONZÁLEZ LOPO, D.L.: «La evolución del asociacionismo religioso gallego entre 1547 y 1740: el arzobispado de Santiago», *Obradoiro de Historia Moderna*, 1996, págs. 157-182. É moi significativo o cadro seguinte no que se indica a media de confrarías por parroquia en tres dos arcediagados da diócese compostelá:

Arcediagado	**1547–48**	**1594**	**1630/50**	**1740**
Trastamara	0,21	0,75	1,26	2,13
Deanazgo	–	0,83	1,38	2,60
Salnés	–	0,64	1,41	3,14

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

devocionais das súas freguesías, así como a evolución positiva da poboación e da economía agraria durante o Seiscentos, que repercutirá favorablemente sobre os ingresos do clero[62], irán introducindo cambios, que aínda que lentos, serán imparables e irreversibles[63]. Os seus froitos serán xa

[62] Aínda que se trate de cifras aproximadas, a simple comparación da magnitude de veciños que ofrecen a visita de 1519 e a de Jerónimo del Hoyo de 1607 estanos falando xa dun cambio positivo, e iso que Galicia está empezando a saír entón dunha etapa negativa para a súa poboación:

	1519	**1607**
Chaián	20	45
Xavestre	34/40	85
Monzo	–	35
Castenda	8	30
Cabaleiros	20	64
Xesteda	24	49
Bardaos	24	41
Gorgullos	29	60
Berreo	12	22
Castelo	10	16

Galicia, por outra banda, vai vivir durante o século XVII unha das etapas máis prósperas da súa economía. Vid. EIRAS ROEL, A: «Producción y precios agrícolas en la Galicia atlántica en los siglos XVII–XVIII. Un intento de aproximación a la coyuntura agraria», in *Actas del Congreso de Historia Rural. Siglos XV al XIX*, Madrid, 1984, pp. 393-414.

[63] A xa varias veces citada visita de Jerónimo del Hoyo volve servirnos para apreciar outro dos cambios experimentados ó longo da segunda metade do século XVI. Se nos anos corenta eran minoría as igrexas que contaban de forma permanente co *Corpus Christi* nos seus altares, a situación inverteuse en 1607:

	Igrexas con Santísimo	**Igrexas sen Santísimo**	**Non di**
1547–48	15	175	24
1607	206	23	

(Obviamente estamos traballando en ámbolos dous momentos cos mesmos arciprestados, non obstante o número de parroquias que as integran experimentou unha pequena variación co paso do tempo).

A situación a comezos do XVII é máis favorable incluso do que podería pensarse á primeira vista, pois ese 10% de parroquias sen Santísimo deben esa circunstancia ás súas características particulares, xa que se trata, ou ben de núcleos de escasa entidade, ou ben de localidades illadas ou próximas á costa, o que podería favorece-la profanación dos templos. (O cadro elaborouse a partir das informacións do cardeal del Hoyo, Op. cit., pp. 197-203 e 319-383).

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

evidentes ó longo do Seiscentos e acadarán un óptimo no Setecentos, momento no que, a pesar da insatisfacción da xerarquía incapaz de domesticar por completo o seu clero e o seu rebaño, pode dicirse que se acadou boa parte das metas propostas pola Contrarreforma, como demostran algúns traballos da investigación recente no eido dos comportamentos relixiosos en Galicia[64].

[64] Ademais dos xa citados, vid. BARREIRO MALLÓN, B.: «El clero de la diócesis de Santiago: estructura y comportamientos (siglos XVI-XIX)», *Compostellanum*, 1988, pp. 469-507; «El clero de la diócesis de Santiago a través de las visitas pastorales, visitas ad limina, registros de licencias ministeriales y consursos a curatos», *Compostellanum*, 1990, pp.489-515. DUBERT GARCÍA, I.: «A cultura popular na Galicia rural do Antigo Réxime», *Grial*, 1994, pp. 235-254; «La huella de la transgresión en el mundo eclesiástico de la Galicia interior (1600-1830)», *Compostellanum*, 1994, pp. 371-389; «La domesticación, la homogeneización y la asimilación de las conductas del clero gallego del Antiguo Régimen a la idealidad del modelo trentino, 1600-1850», in DONEZAR, J.M. e PÉREZ LEDESMA, M. (eds.): *Antiguo Régimen y liberalismo. Homenaje a Miguel Artola*, Madrid, 1996, II, pp. 477-495. DUBERT GARCÍA, I. e FERNÁNDEZ CORTIZO, C.: «Entre el regocijo y la buenaventuranza: Iglesia y sociabilidad campesina en la Galicia del Antiguo Régimen», in NÚÑEZ RODRÍGUEZ, M. (ed.): *El Rostro y el Discurso de la Fiesta*, Santiago, 1994, pp. 237-261. GONZÁLEZ LOPO, D.L.: «Aspectos de la religiosidad tudense en el siglo XVIII: la disposición testamentaria de mortaja y sepultura», *Tui. Museo y Archivo Histórico Diocesano*, 1989, pp. 211-232; «La mortaja religiosa en Santiago entre los siglos XVI y XIX», *Compostellanum*, 1989, pp. 271-295; «La evolución del Asociacionismo religioso gallego en la segunda mitad del siglo XVIII: el Arzobispado de Santiago», in *Actas de los VII Encuentros de Historia y Arqueología. Gremios, Hermandades y Cofradías*, San Fernando, 1992, II, pp. 27-42; «La evolución del lugar de sepultura en Galicia entre 1550 y 1850: los casos de Tuy y Santiago», in *Obradoiro de Historia Moderna. Homenaje al Prof. Antonio Eiras Roel*, Santiago, 1990, pp.163–180; «La religiosidad femenina en la Galicia de la época moderna», in *A muller na Historia de Galicia*, Ourense, 1995, pp. 67-91; «Aspectos de la vida religiosa barroca: las visitas pastorales», in GARCÍA QUINTELA, M.V.: *Las religiones ...*, Op. cit., pp. 411-450. LÓPEZ LÓPEZ, R.J.: «Las cofradías gallegas en el Antiguo Régimen», in *Obradoiro ...*, Op. cit., pp. 181-200; «Religiosidad popular en Galicia durante el Antiguo Régimen», in *O feito relixioso ...*, Op. cit., pp. 97-118.

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

II. A VISITA PASTORAL DE JUAN MANXON O ARCEDIAGADO DE CORNADO EN 1519

Heste es un traslado vien y fielmente sacado por mi, Antonio de Quiroos, escribano de Su Magestad, por mandado de los señores oydores deste Reyno de Galiçia, y por su comysion que esta en prinçipio // de este traslado, de un libro de bisitas que me fue entregado conforme a la petiçion y memorial que de las visitas en el contenidas se haze mençion, que por el dho. libro paresze hizo Juan Maxon, clerigo y bicario, por delante Juan de Cobas, clerigo, notario apostolico, su tenor de las quales visitas son las siguientes y contenidas en el dho. memorial y petiçion.

1. **[Santa María de Chaián]** En veynte e un dias del mes de junyo de quinyentos y diez e // nuebe anos, Juan Manxon, clerigo bicario del arçidianazgo de Cornado, moniçion y permisa, visito la parroquya de Santa Maria de Chayan en ausençia del clerigo, y estando presentes Albaro Perez, clerigo y raçionero del Colegio del Santi Spiritus de la Santa Yglesia de Santiago, y Juan de Cobas, clerigo de San Juan de Cordoya /sic./, y estando ansymesmo presentes Roy Dasal /sic./, y Afonso do Casal, y Afonso d'Outeyro, procurador de la dha. yglesia y de otras fele//gresias della.

Los quales, jurados, dixeron que tenyan por clerigo de las tres quartas con cura de toda hesta dha. yglesia a Antonio Rodriguez, canonigo en la Santa Yglesia de Santiago, y presenta estas dhas. tres quartas con cura el señor Pero Vermudez de Castro, señor de Montaos, y que el otro quarto sin cura lleba el dho. señor Pedro Vermudez, y que lleba de padronazgo de las primiçias de toda esta dha. felegresia, que es de cada casa una rapada // de çenteno de cada vezino que en esta felegresia mora. Y que el arçobispo lleba desta yglesia un pedido, y el arçediano de Cornado quarenta y tres marabedis viejos, y mas su bisitaçion y jantar quando visita.

Y tiene mas hesta yglesia un casal de heredad del yglesario en que al presente mora Ruy do Casal, y Jacome do Casal y Afonso do Casal, sus hijos, de los quales el dho. arçediano de Cornado lleba los diezmos y primiçias y abinçias // y todas las otras eclesiasticas derechuras y tenençias, en costunbre al dho. arçidiano de Cornado y a sus fatores por razon de dha. su dignidad de llebar las ropas de los fidalgos de mortuorios quando los dhos. fidalgos se fallesçen.

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

Y dixeron que esta yglesia no tiene renta para la obra, y que son veynte felegreses, y que tiene de costumbre aber mysa cada qynze dias los domingos, y que esto hes la verdad para el juramyento que fecho avian // so la pena d'escomonyon que les pusieron.

Hornamentos.

Dos altares con sus ymagines, un cruçifixo en alto, una cruz de cobre para las proçesiones y otra cruz pequeña de cobre, una ara, quatro sabanas, un frontal viejo, dos calizes de plata e uno de plomo, dos bestimentas conplidas con sus corporales, otras dos bestimentas faltosas, un misal de molde, un manual de pergamyño, un quaderno pintado con la misa de Nuestra Seño//ra, otros dos libros viejos de pergamyno, una sobrepelliz vieja, una linterna e dos vinaxeras viejas, y un candelero de ferro, e una pila de bautiçar y otra de agua vendita, una canpana de tañer a mysa y otra de alzar y otra para llebar el Santisimo Sacramento, unos almarios de los dhos. ornamentos.

Mandamientos.

Mando el dho. bicario y bisitador al cura desta yglesia y a los procuradores, vezinos y parroquianos della so pena d'escomunyon // e de ocho ducados de oro, la mytad para la fabrica desta yglesia y la otra mytad para la justiçia que la pena executare, que dentro de seys meses primeros siguientes que hechen fuera las arcas q. hestan dentro de la dha. yglesia, retexen y adreszen la yglesia muy bien de texa e madera de manera que no se les baya, linpien muy bien de edra y de yerba que ençima tienen, y çierren una de las puertas trabiesas de piedra y // cal, y çierren lo de tras de la dha. yglesia de manera que las grajas no entren dentro a la ençuçiar, y cubran la pila de bautiçar con una tabla y la tengan sienpre cubierta y la pongan mas alta ençima de unos gradios de piedra, y que pinten las ymagines y cruzes, y que encalen el coro y lo pinten con la ystoria de la Pasion el cruçifixo que esta en alto y le pongan dos ymagines, y concadren el coro, lo pinten con la ystoria de la Pasion de Nuestro Señor Jhu. Xpo., y que enca//len la yglesia fasta las portas trabesas, e de la una parte pinten el Parayso ut ad pinentriss ad letaçionen permysa ad lirad /sic./[65], y de la

[65] As explicacións para os repertorios iconográficos expostas en latín foron nalgúns casos mal copiadas por Antonio de Quirós en 1564, polo que respetámo-la súa interpretación aínda a sabendas de que algunhas expresións foron mal copiadas no seu momento.

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

otra el Ynfierno ut Dios firmemente dones prenays ad mitins di terre ad juel /sic./, a rayz del alto pinten la ystoria de la Salutaçion de Nuestra Señora.

Por quinto, no conplieron lo que les fue mandado en las visitaçiones, y por ello hestan descomulgados, mando el dho. visitador al cura o su lugarteniente so pena // d'escomunyon y de dos mill mrs. para la camara del arçobispo, que no admita a los dhos. feligreses ni alguno dellos fasta que cunplan lo que les fue mandado y paguen las penas en que cayeron, sobre todo vuestra carta de ausoluçion.

Fecho ut supra. Juan Manjon, clerigo et bicario. Juan de Cobas, testigo y notario apostolico.

2. **[San Cristovo de Xavestre]** El sobredho. dia, mes y año, premisa munyçione, fue visitada la parroquial yglesia de San Xpobo. de Jabestre en ausençia del clerigo, estando presentes Albaro Perez // , Albaro Perez /sic./, raçionero del Colegio de Santi Spiritus de la Santa Yglesia de Santiago, y Juan de Cobas, clerigos y notarios apostolicos, estando ansimesmo presente Gonçalo do Couto, procurador de la dha. yglesia, y Juan Tezelan.

Los quales, jurados, dixeron que hera clerigo de la mitad con cura desta yglesia Juan de Luazes, e que la otra mitad sin cura lleba el señor de Montaos, y que presenta cura y sin cura el monasterio de San Martin de la horden de // San Venito de la çiudad de Santiago, ynsolidun. Y paga la parte con cura de padronazgo al dho. monesterio de San Martin quatro rapadas de trigo, y la parte sin cura no save que paga de padronazgo, y que el arçobispo lleba desta yglesia su pedido, y el arçidiano de Cornado lleba desta yglesia de colleyta en cada un ano dozientas y çinqüenta y seis mrs. viejos y mas su visitaçion quando visita, y su jantar.

Tiene mas esta yglesia un casal de heredad en que al presente mora Juan Tezelan // , de que al arçidiano de Cornado por razon de su dinidad lleba los diezmos de todas las eclesiasticas derechuras. Heste Juan Tezelan no labra las heredades porque no labra, paga un real e un pato de renta en cada un año, y las heredades labralas Juan do Canpo y paga medios diezmos.

Y dixeron q. heran treynta y quatro feligreses, y que tienen costumbre de aver cada qynze dias dias mysa enpero que contianuamente solian de aver mysa, porque pasan de treynta feligreses pedieron al dho. bicario // les mandase dezir cada domingo misa. El bicario mando al cura so pena

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

d'escomonyon y de doze ducados para la camara del arçobispo. Y esto paso en presençia de nos, Juan de Cobas, clerigo de San Juan de Tordoya, y Albaro Perez, raçionero de el colesio de Santi Spiritus y clerigo de Santa Maria de Corbejo, y notarios apostolicos, en presençia de los dhos. testigos, los quales juraron en manos del dho. bicario ser ansi la verdad y so la dha. pena d'escomunyon que les pusieron, e dixeron y declararon como dho. hes.

Fe//cho ut supra.

Ornamentos.

Tres altares con sus ymagines, un cruzifixo en alto sin ymagines, una cruz de cobre para las proseçiones y otra cruz pequena para con el Santisimo Sacramento, dos aras, la una dellas esta quebrada, mando el bicario so pena d'escomunyon que no se dixese por ella mysa, dos candillos de açofar, tres sabanas, y un misal de molde, y un manual, y un coderno con el ofiçio de San Cristobal pintados /sic./, dos caliçes, uno de plata con su patena de plata y o//tro d'estano, dos bestimentas conplidas, la una dellas nueba, otras tres bestimentas faltosas con un manto de çarfan, dos binageras, una lanpa /sic./ d'estano, un caldero de agoa bendita, y una buena pila de bautiçar y otra de agoa vendita, y unos almarios de los dhos. ornamentos, una canpana de tañer a mysa y otra de alçar, una lanterna de oja de Flandes, una lanterna de oja de Flandes /sic./, unos quatro o çinco libros viejos de pergamino.

Mando el dho. bicario visitador al cura desta yglesia // e a su lugarteniente y a los procuradores, vezinos y parrochianos della y a cada uno dellos so pena d'escomunion y de veynte doblas de oro, la mitad para la fabrica de la dha. yglesia y la otra mitad para la camara del arçobispo, que dentro de seis meses primeros siguientes conpren una sobrepeliz y una canpanilla para llevar el Santisimo Sacramento, y que hagan adresçar y encadernar el manual de molde que esta mal adresçado, y que conpren una ara, porq. // ay tres altares y ninguno esta sagrado y no ay mas de una ara, y que conpren unas anpolas para el olio y crisma y oliun ynfirmorun y el clerigo lo tenga de continuo so pena d'escomunyon y lo administren en los sacramentos que conpeten, y que pinten las ymagines y cruzes, y que hechen fuera los maderos y la allanen muy bien, y que çierren la puerta trabiesa que esta contra la mar de piedra y cal y las otras puertas las adresçen muy bien, e retexen la yglesia y la linpien de la yedra // e yerba que por ençima tiene.

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

Por quanto son quarenta feligreses, que conpren una canpana que pongan con la otra, y que cada domingo se les diga mysa so pena que por cada domingo que faltare el cura o su lugarteniente, caya en pena de treynta marabedis viejos y en pena d'escomunion hasta que los pague.

Y mando el dho. bicario a los conplidores y herederos de Jacome Rodriguez, clerigo que santa gloria aya, que dentro de seis dias primeros siguientes entregue una bestimenta // a la yglesia en pago de la en que Jacome Rodriguez se enterro, buena y conplida y bendita, so pena d'escomunion e de dos ducados para la camara del arçobispo, y so las dhas. penas dentro de treynta dias los dhos. herederos pongan unas çerraduras y llabes a los almarios de los sacramentos.

Fecho ut supra. Juanes Manjon, clerigo y bicario. Juan de Cobas, notario.

3. **[San Martiño de Monzo]** En veynte e dos de junyo de quinientos y diez y nuebe años, premisa munyçione, fue bisitada la parroquial de San Martino do Moço en pre//sençia de mi, Juan de Cobas, notario apostolico, y en ausençia del clerigo y de los feligreses, estando presentes Juan do Moço, procurador della.

Mando el dho. bicario bisitador al cura y a su lugarteniente y al procurador y a los vezinos y parroquianos della so pena d'escomuyon y de doze ducados de oro, la mitad para la obra de la dha. yglesia, la otra mitad para la camara del arçobispo, que dentro de çinco meses primeros siguientes conpren un misal, y una sobrepelliz, y una // lanterna para el Santo Sacramento, y encalen la yglesia, y la pinten y la retexen, y encubran la pila del bautiçar con una tabla, fagan la capilla del olibel /sic./, fagan dos tabernaculos sobre dos altares fuera.

Y por quanto no conplieron la visitaçion pasada quedaron descomulgados, mando al cura o su lugarteniente so pena d'escomunion y de dos mill mrs. para la camara del arçobispo, que no los admita a los ofiçios dibinos hasta tanto que de carta de ausoluçion para los sobredhos.

Fecho ut supra. Juan Manjon, clerigo benefiçia//do. Juan de Cobas, clerigo y notario.

4. **[Santa María de Castenda]** Heste sobredho. dia, mes y año, premisa muniçione, fue bisitada esta yglesia de Santa Maria de Castanda, estando presente Juan de Cobas, clerigo y capellan de la dha. yglesia y

(c) Consejo Superior de Investigaciones Científicas
Licencia Creative Commons 3.0 España (by-nc)
http://estudiosgallegos.revistas.csic.es

notario apostolico, y Pedro Borreyros, y Juan de Castanda y Afonso de Rioboo y otros vezinos de la dha. felegresia.

Los quales, jurados, dixeron que tienen por cura de la mytad de toda esta yglesia y mas un dezmero a Sancho de Ubiedo, clerigo, y que la o//tra mitad sin cura lleba el señor Pedro Vermudez. Que presenta toda la dha. yglesia ynsolidun el monesterio de San Martin de la çiudad de Santiago de la horden de San Venito. Q. no saven lo que lleba de padronazgo, y qu'el arçobispo lleba desta yglesia çien mrs. viejos en cada un ano de pedido, y el arçediano de Cornado quarenta y tres marabedis, y lleba mas el dho. arçediano por razon de su dinidad la ropa de los mortuorios de los fidalgos.

